

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**6704** *Real decreto 384/2015, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de matriculación de aeronaves civís.*

O Rexistro de Matrícula de Aeronaves é un rexistro de natureza administrativa regulado no capítulo V da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e no Regulamento do Rexistro de Matrícula de Aeronaves, aprobado polo Decreto 416/1969, do 13 de marzo.

Este real decreto aborda unha nova regulación do Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís e establece un réxime rexistral único para todas as aeronaves civís, incluídas as aeronaves de estrutura ultralixeira e aeronaves privadas de uso non mercantil que até agora contaban cun réxime específico, determina as aeronaves excluídas de inscrición e incorpora e ordena a regulación sobre matrículas de proba para aeronaves novas de serie, que necesitan realizar voos de proba para verificación, posta a punto e mantemento, e para prototipos de aeronaves empregadas para voos de ensaio, desenvolvemento, verificación, posta a punto ou certificación.

Introdúcese un concepto novo, a reserva de matrícula, para os casos en que se teña prevista a matriculación dunha aeronave en España, que se concede en canto se substancia o procedemento de matriculación definitiva, e régúlase a cancelación temporal dunha matrícula por un tempo non superior a 5 anos, cando esta vaia ser temporalmente inscrita no estranxeiro.

Por outro lado, instruméntase a relación deste rexistro administrativo e o Rexistro de Bens Mobles prevendo a comunicación por medios telemáticos, para axilizar os trámites de inscrición, e precisando que corresponde ao Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís a función de outorgar a nacionalidade e asignar as marcas de nacionalidade e matrícula. A cualificación dos títulos xurídicos achegados para a inscrición realízase a través do Rexistro de Bens Mobles. Ademais, neste real decreto, atendendo ao informe do Ministerio de Xustiza, establécense as previsións necesarias para permitir a aplicación do Convenio relativo a garantías internacionais sobre elementos de equipamento móbil (Cidade do Cabo, novembro de 2001), concretando que o Rexistro de Bens Mobles é o punto de acceso co Rexistro Internacional creado polo dito instrumento.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación que o artigo 32 e a disposición derradeira cuarta da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea, outorgan ao Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da dita lei.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de maio de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de matriculación de aeronaves civís.*

Apróbase o Regulamento de matriculación de aeronaves civís cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Medios materiais e persoais.*

As medidas incorporadas neste real decreto non supoñen incremento das asignacións orzamentarias de cada exercicio nin de dotacións, retribucións ou outros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Cédula de identificación.*

A cédula de identificación a que se refiren os artigos 3, 5 e 6 do Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura ultralixeira e se modifica o rexistro de aeronaves privadas non mercantís, entenderase referida ao certificado de matrícula regulado no regulamento aprobado por este real decreto.

Disposición adicional terceira. *Asignación de matrículas até a terminación das series dispoñibles.*

1. No momento de entrada en vigor deste real decreto, o distintivo de marca de matrícula das aeronaves do Rexistro de Matrícula de Aeronaves de España seguirá consistindo nun grupo de tres letras do alfabeto español.

Nas aeronaves de construción por afeccionados, as marcas de matrícula seguirán empezando polas letras Y, Z ou X.

Os ultralixeiros seguirán utilizando para a marca de matrícula dúas letras que se formarán sucesivamente, segundo a orde alfabética, e ás cales seguirá un número, do 1 ao 9, de forma tamén sucesiva.

2. Unha vez esgotadas as marcas de matrícula a que se refire o número anterior, estas empezaranse a asignar de acordo co previsto no Regulamento de matriculación de aeronaves civís aprobado por este real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Validez da matrícula e da cédula de identificación das aeronaves ultralixeiras emitidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

As aeronaves de estrutura ultralixeira matriculadas no réxime especial de ultralixeiros, a partir da entrada en vigor deste real decreto, quedarán integradas no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís, conservando a validez da matrícula e da cédula de identificación.

Disposición adicional quinta. *Certificados de matrícula emitidos en papel.*

Os certificados de matrícula orixinais, emitidos en soporte de papel antes da entrada en vigor deste real decreto, deberanse achegar no momento da cancelación da matrícula ou cambio de titularidade da aeronave, ou nun prazo máximo de quince días desde que algunha desas circunstancias teña lugar.

En caso de subtracción, extravío ou deterioración do certificado de matrícula emitido en papel, o titular rexistral poderá solicitar a emisión dun duplicado dixital do certificado de matrícula, para o que achegará a denuncia presentada ante a autoridade policial competente, nos casos de subtracción.

Disposición adicional sexta. *Rexistros internacionais.*

Cando, de conformidade co previsto nun convenio ou tratado internacional suscrito por España e nos protocolos e regulamentos de desenvolvemento daqueles, certos dereitos e garantías impostos sobre aeronaves matriculadas en España foren susceptibles de inscrición nun rexistro internacional, sen prexuízo da aplicación preferente das normas internacionais, procederase do modo seguinte:

a) Unha vez practicada a inscrición da garantía ou dereito internacional no Rexistro de Bens Mobles, ou desde o propio asento de presentación cando se prevexa a reserva de prioridade sobre dereitos de constitución futura, o rexistrador competente de bens mobles deberá facer constar a reserva de prioridade internacional no rexistro internacional correspondente nos termos e requisitos previstos no correspondente tratado e protocolo.

Para os efectos do previsto no artigo 18 do Convenio relativo a garantías internacionais sobre elementos de equipamento móbil, feito en Cidade do Cabo o 16 de novembro de 2001, o Rexistro de Bens Mobles é o punto de acceso nacional da información necesaria para a práctica da inscrición internacional.

Os requisitos substantivos e formais da garantía ou do dereito internacional inscristible e os do procedemento ante o rexistro internacional réxense polo previsto no correspondente instrumento internacional. Das comunicacións practicadas ao rexistro internacional dará conta inmediata o rexistrador de bens mobles ao Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís.

b) Cando as garantías e dereitos suxeitos á lei española foren tamén susceptibles de inscrición nun rexistro internacional para os efectos do previsto no correspondente tratado, protocolo ou regulamento e os interesados o solicitaren expresamente do rexistrador de bens mobles para ganar prioridade internacional, o rexistrador, practicada a inscrición, procederá na forma prevista anteriormente para a reserva de prioridade internacional.

c) De conformidade co previsto no correspondente tratado, terán prioridade sobre a garantía e dereitos internacionais sobre bens mobles rexistrables sitos en España os dereitos e privilexios ou categoría destes, aínda non inscritos no rexistro internacional, que o lexislador español reservase para si como prioritarios no correspondente instrumento de adhesión, ratificación ou aprobación do tratado, protocolo ou regulamento.

Disposición transitoria única. *Réxime dos procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Os procedementos iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto proseguirán a súa tramitación conforme o novo réxime do rexistro de matrícula e conservaranse todos os trámites realizados con anterioridade.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados:

a) O Decreto 416/1969, do 13 de marzo, sobre o Regulamento do Rexistro de Matrícula de Aeronaves.

b) O primeiro parágrafo do artigo 2 e os artigos do 7 ao 13, ambos inclusive, do Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura ultralixeira e se modifica o rexistro de aeronaves privadas non mercantís.

c) O artigo 18 da Orde do 31 de maio de 1982 pola que se aproba un novo regulamento para a construción de aeronaves por afeccionados.

d) O número 4 do artigo 2 da Resolución da Subsecretaría de Aviación Civil, do 17 de novembro de 1977, pola que se aproba o texto refundido do Regulamento de marcas de nacionalidade e de matrícula das aeronaves civís.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura ultralixeira e se modifica o rexistro de aeronaves privadas non mercantís.*

Modifícase o título que pasa a rubricarse «Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura ultralixeira».

Disposición derradeira segunda. *Normativa de aplicación supletoria.*

No non previsto neste real decreto serán de aplicación as disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Fomento ditará as normas de desenvolvemento que precise este real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre aeroportos de interese xeral, control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo e matriculación de aeronaves, establecida no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de decembro de 2015.

Dado en Madrid o 22 de maio de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Fomento,  
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

## REGULAMENTO DE MATRICULACIÓN DE AERONAVES CIVÍS

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto regular os requisitos, forma e efectos da inscrición das aeronaves civís no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís, así como os actos e documentos inscribibles, de conformidade co disposto na Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.

Así mesmo, regula os requisitos para a asignación de matrículas de proba para aeronaves novas de serie ou prototipos de aeronaves.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento aplicarase a todas as aeronaves civís que sexan inscribibles de conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 48/1960, do 21 de xullo.

2. Quedan incluídos no ámbito de aplicación deste regulamento os ultralixeiros, as aeronaves históricas e as aeronaves construídas por afeccionados, coa excepción das aeronaves que se enumeran no artigo 3.

3. Este regulamento non se aplicará ás aeronaves militares; considéranse como tales as establecidas no artigo 14.1.<sup>o</sup> da Lei 48/1960, do 21 de xullo, que están suxeitas á súa regulación específica.

Artigo 3. *Aeronaves excluídas da súa inscrición no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís.*

En virtude do disposto no artigo 151 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, no seu texto modificado pola Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as seguintes aeronaves quedan exentas do requisito de inscrición no Rexistro de Matrícula de Aeronaves:

a) Ás delta e outras ás de voo libre: considéranse ás delta e ás de voo libre aquelas aeronaves dotadas de estruturas sustentadoras, ríxidas ou semirríxidas, que precisan da

acción humana para a engalaxe e a aterraxe, así como para se desprazaren pola atmosfera.

b) Parapentes: considéranse parapentes aquelas estruturas sustentadoras non rixidas, para cuxa engalaxe e aterraxe se require unicamente o esforzo físico dos seus ocupantes.

c) Parapentes motorizados: considéranse parapentes motorizados ou paramotores aqueles parapentes que contan cun sistema de propulsión auxiliar, xa sexa este soportado por un ocupante ou por unha estrutura auxiliar.

d) Outras aeronaves que precisen do esforzo físico para a engalaxe ou a aterraxe, aínda cando estean dotadas dun sistema de propulsión auxiliar para facilitar a engalaxe.

e) Microplanadores: considéranse microplanadores aquelas aeronaves sen motor cuxo peso en baleiro sexa inferior a 80 quilogramos no caso de monoprazas ou 100 quilogramos no de biprazas, incluídos os de lanzamento a pé.

f) Outras aeronaves cuxo peso total na engalaxe, descontado o peso do piloto, sexa inferior a 70 quilogramos.

g) Globos cativos: considéranse globos cativos aqueles aeróstatos non susceptibles de seren tripulados, que principalmente se sosteñen no aire en virtude da súa forza ascensional e que non se desprazan libremente na atmosfera por canto permanecen amarrados á terra ou a un vehículo que se desprace sobre a superficie terrestre ou acuática.

h) Globos libres non tripulados, cuxo peso máximo na engalaxe sexa inferior a 6 quilogramos. Considéranse globos libres non tripulados aqueles aeróstatos non susceptibles de seren tripulados nin controlados.

i) Aeromodelos, entendendo por tales as aeronaves, capaces de sosterse na atmosfera, non susceptibles de levar unha persoa a bordo, sempre que sexan utilizadas exclusivamente para demostracións aéreas, actividades deportivas, recreativas ou de competición cuxo peso máximo na engalaxe sexa inferior a 150 quilogramos.

j) As aeronaves pilotadas por control remoto cuxa inscrición non proceda, conforme o previsto na súa normativa específica.

## CAPÍTULO II

### Do Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís

#### Artigo 4. *Sede.*

O Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís depende da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, e o seu ámbito xeográfico esténdese a todo o territorio nacional. Consta dunha soa oficina con sede en Madrid.

#### Artigo 5. *Natureza.*

1. O Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís é un rexistro de natureza administrativa, cuxas inscricións outorgan a matrícula e a nacionalidade española ás aeronaves cívís inscritas nel.

2. Os datos que figuren anotados no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís non prexulgarán as cuestións de propiedade, cumprimento de contratos e, en xeral, cantas outras de natureza civil ou mercantil se poidan suscitar respecto ás aeronaves

#### Artigo 6. *Publicidade.*

1. O Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís é un rexistro público, accesible a aquelas persoas que acrediten un interese lexítimo. A publicidade realizarase mediante certificación dos datos inscritos, que constarán en soporte informático.

2. A autoridade rexistral emitirá os seguintes certificados:

a) Certificado de titularidade.

- b) Certificado de frota.
- c) Certificado sobre a historia rexistral dunha aeronave

Artigo 7. *Réxime rexistral único.*

No Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís existirá un único réxime rexistral que será común para todas as aeronaves.

Artigo 8. *Tipo de asentos e efectos.*

1. No Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís practícaranse dous tipos de asentos, inscricións e anotacións. As inscricións outorgan a matrícula e nacionalidade española, só producirán efectos administrativos para a operación das aeronaves e as consecuencias asociadas a ela, sen prexuízo das consecuencias tributarias que poidan derivar da matriculación das aeronaves, e as anotacións prodúcense para os exclusivos efectos de publicidade.

2. Inscricións rexistrais:

- a) Matriculación.
- b) Cancelación.

3. Anotacións rexistrais dos títulos xurídicos que afecten a aeronave, o propietario e o operador da aeronave, relativas a:

- a) Cambios de titularidade.
- b) Cargas e gravames.
- c) Vicisitudes técnicas de conformidade co artigo 30.

Anotaranse calquera acto ou contrato polo que se adquira ou transmita a propiedade, contratos de arrendamento ou calquera outro título translativo da posesión ou do uso da aeronave, xunto coas novacións aos ditos contratos posesorios, se as houber, sempre que esas novacións impliquen cambio na posición xurídica do posuidor ou supoñan a modificación subjectiva dunha das partes do contrato xa inscrito. Tamén se anotarán as cargas, gravames e hipotecas que afecten as aeronaves.

Quedan excluídos os contratos de arrendamento de curta duración recollidos no artigo 27.

4. Para levar a cabo as inscricións e anotacións no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís abrírase unha folla de asento para cada aeronave na cal se farán constar a súa matriculación, os datos técnicos da aeronave e as súas vicisitudes técnicas, a referencia ao título xurídico, os seguros aéreos obrigatorios a que está suxeita, as cargas e gravames, así como os cambios de titularidade que se produzan en relación con ela. A folla de asento para cada aeronave cerrárase coa cancelación da matrícula.

Artigo 9. *Competencia para practicar os asentos rexistrais e a emisión de certificacións.*

A competencia para practicar as inscricións e anotacións rexistrais, así como para a emisión dos correspondentes certificados, corresponde a quen determine o Estatuto da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

Artigo 10. *Relación co Rexistro de Bens Móbiles.*

1. As aeronaves deberanse inscribir necesariamente no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís e, cando proceda de conformidade co previsto na súa normativa específica, no Rexistro de Bens Móbiles, con excepción das aeronaves con matrícula de probas.

2. A primeira inscrición dunha aeronave practícarase no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís quen, á vista da documentación presentada, mencionada no artigo 21, asignará á aeronave unha matrícula co carácter de provisional e emitirá un certificado de

matrícula provisional realizando a anotación preventiva do título xurídico que orixina a concesión da matrícula provisional.

A inscrición definitiva da aeronave realizarase nos termos previstos no artigo 23 e a autoridade rexistral procederá á emisión do certificado de matrícula definitivo.

3. Os actos xurídicos posteriores á matriculación das aeronaves que sexan inscristibles no Rexistro de Bens Mobles, conforme a súa lexislación específica, inscribiranse primeiro no dito rexistro.

Os actos a que se refire o parágrafo anterior que impliquen cambio de titularidade anotaranse no Rexistro de Matrícula de Aeronaves, por petición dos interesados, sempre que quede acreditada a inscrición previa no Rexistro de Bens Mobles mediante a comunicación efectuada por este. As cargas e gravames anotaranse, de oficio, en virtude do comunicado do Rexistro de Bens Mobles.

4. Se se produce algunha causa de cancelación da matrícula das previstas neste regulamento, o Rexistro de Matrícula de Aeronaves cancelará a matrícula e comunicarllo ao Rexistro de Bens Mobles, cando a aeronave estea inscrita no dito rexistro.

5. Todas as inscricións que se realicen no Rexistro de Bens Mobles ou no Rexistro de Matrícula de Aeronaves serán comunicadas entre eles por vía telemática.

### CAPÍTULO III

#### Procedemento de matriculación de aeronaves

##### *Sección 1.ª Normas comúns*

##### Artigo 11. *Lexitimación activa.*

Estarán facultadas para solicitar as inscricións e anotacións rexistrais recollidas no artigo 8 as persoas físicas ou xurídicas que teñan a nacionalidade de calquera dos Estados membros do Espazo Económico Europeo, cando operen as aeronaves a que se refire o artigo 2, tanto se son propietarias delas, como se as explotan en virtude dun contrato de arrendamento, ou calquera outro título posesorio recoñecido na lexislación vixente.

Tamén o poderán solicitar as persoas físicas ou xurídicas que, non sendo nacionais de Estados membros, teñan respectivamente a súa residencia habitual ou establecemento permanente en España e destinen as aeronaves a un uso privado

##### Artigo 12. *Solicitudes.*

1. As inscricións ou anotacións practicaranse por instancia de parte ou de oficio, segundo corresponda.

2. As solicitudes de inscrición ou anotación, iniciadas por instancia de parte, que non contén cun procedemento específico, deberán xuntar a seguinte documentación:

a) O xustificante do aboamento da taxa requirida para a prestación do servizo que se solicita.

b) Se é persoa física, copia do pasaporte, DNI, NIE ou tarxeta de residencia. No caso dos españois, consentimento para que o Rexistro de Matrícula de Aeronaves poida obter ese dato do Sistema de verificación de datos de identidade.

c) Se se trata de persoa xurídica, copia da escritura de constitución e poderes de representación e, se for o caso, certificación do rexistro oficial onde estea inscrita a entidade, que acredite que está legalmente constituída en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

d) Copia do título xurídico e resto da documentación que, se for o caso, sexa necesaria en función deste. Para o caso de aeronaves de orixe militar española, deberase achegar certificado de baixa definitiva no Rexistro de Aeronaves da Defensa, no cal se indique o seu destino final.

Para o caso dos títulos xurídicos que non sexan inscribíbles no Rexistro de Bens Mobles, achegarase orixinal e copia deste.

e) Documento de despacho de alfándega, para os casos de importación ou exportación das aeronaves.

f) Autoliquidación do imposto especial sobre determinados medios de transporte ou xustificación de non suxeición ou de exención.

g) Liquidación dos impostos que corresponda ou a declaración de non suxeición, exención, prescrición ou aprazamento destes.

3. As solicitudes dirixidas ao Rexistro de Matrícula de Aeronaves poderanse presentar, conforme modelos normalizados:

a) Por calquera dos medios indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Conforme modelos normalizados, xunto coa documentación requirida en cada caso.

b) Por medios electrónicos de conformidade co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e demais normativa aplicable.

#### Artigo 13. *Títulos xurídicos.*

A inscrición no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís practicarase en virtude de documento público ou privado que acredite a adquisición da propiedade ou a posesión da aeronave, en que conste a liquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Os documentos públicos, cando sexan outorgados en territorio estranxeiro, deberán ser obxecto de legalización conforme o estipulado no Real decreto 1497/2011, do 24 de outubro, polo que se determinan os funcionarios e autoridades competentes para realizar a legalización única ou apostila prevista polo Convenio XII da Conferencia da Haia de Dereito Internacional Privado, do 5 de outubro de 1961.

Os documentos privados deberán conter a lexitimación notarial das sinaturas dos outorgantes. Para o caso dos outorgados en territorio estranxeiro deberán conter a legalización, mediante a apostila da Haia, da intervención notarial.

No caso dos países non asinantes do Convenio da Haia, efectuarase a legalización por vía diplomática.

#### Artigo 14. *Idioma.*

Os títulos xurídicos non redactados en castelán deberanse presentar traducidos por intérprete xurado.

#### Artigo 15. *Prazos para instar as inscricións e anotacións.*

1. O prazo máximo para solicitar a inscrición de matriculación dunha aeronave será de tres meses contados desde a data de outorgamento do título xurídico correspondente ou desde a data de entrega da aeronave para o comezo das operacións.

Se a aeronave está matriculada noutro Estado, o prazo máximo para instar a inscrición contará desde a cancelación de matrícula no Rexistro de Matrícula de Aeronaves do país de procedencia.

O prazo máximo para solicitar a cancelación dunha aeronave será de tres meses contados desde a data de outorgamento do título xurídico correspondente. Nos casos de destrución ou inoperatividade, será dun ano desde que se produciu o sinistro ou desde que a aeronave quedou inoperativa.

2. O prazo máximo para solicitar as anotacións de cambios de titularidade, cargas e gravames será de 15 días, unha vez que quede acreditada a inscrición previa do título xurídico correspondente no Rexistro de Bens Mobles mediante a comunicación efectuada



por este. Naqueles casos en que o título xurídico achegado non sexa inscribible nese rexistro, corresponde ao Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís a súa inscrición e a súa anotación no prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ao da data da súa presentación

#### Artigo 16. *Obrigatoriedade da inscrición.*

1. De conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, as aeronaves deberán estar matriculadas no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís excepto as aeronaves con matrícula de proba previstas no capítulo IV e as que se relacionan no artigo 3.

2. A obrigaón de instar a inscrición de matriculación ou a anotación rexistral de cambio de titularidade dunha aeronave recaerá no adquirente por calquera título desta, xa sexa *inter vivos* ou *mortis causa*.

3. A obrigaón de instar a inscrición de cancelación dunha matrícula recaerá no titular rexistral.

4. O incumprimento das obrigaóns derivadas do presente regulamento será sancionable de acordo co establecido na Lei 21/2003 do 7 de xullo, de seguridade aérea.

#### Artigo 17. *Marcas de nacionalidade e matrícula de aeronaves civís.*

1. Os distintivos de nacionalidade e matrícula das aeronaves do Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís de España están formados pola marca de nacionalidade española, que se determina polo grupo de letras EC, seguido, tras un guión, por 4 letras do alfabeto español, con omisión do «ñ», que compoñen a matrícula e que se combinarán sucesivamente, seguindo a orde alfabética.

2. Para as aeronaves de estrutura ultralixeira e as construídas por afeccionados, as marcas de matrícula consistirán, ademais da marca de nacionalidade composta polas letras EC, nun grupo formado por unha letra empezando polo U ou polo A, respectivamente, e tres números, que se asignarán por orde sucesiva.

3. As marcas de nacionalidade e matrícula de aeronaves civís deberán cumprir coas estipulacións fixadas nas normas de desenvolvemento deste real decreto.

#### Artigo 18. *Individualización das aeronaves.*

A aeronave individualizarase polo número que lle asigne o Rexistro de Matrícula de Aeronaves.

#### Artigo 19. *Silencio administrativo e recursos.*

1. Transcorridos os prazos establecidos para a resolución dos procedementos previstos neste real decreto sen que se ditase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, de conformidade co previsto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

2. Fronte aos actos, expresos ou presuntos, do director de Seguridade de Aeronaves, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de conformidade co establecido no artigo 4 do Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro, polo que se aproba o estatuto da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Os prazos para a interposición do recurso de alzada serán, segundo o previsto no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se o acto for expreso, dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, se non o for, o prazo será de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

*Sección 2.ª Matriculación**Artigo 20. Reserva de matrícula.*

1. O Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís poderá reservar unha matrícula para as aeronaves novas ou usadas cuxos adquirentes teñan prevista a súa matriculación en España. Para isto, o solicitante da dita reserva de matrícula deberá xuntar á súa solicitude a seguinte documentación:

- a) Solicitude de reserva de matrícula da aeronave, xunto co xustificante de liquidación da taxa correspondente.
- b) Unha declaración xurada por escrito, xustificando a necesidade de reserva de matrícula e comprometéndose, baixo a súa responsabilidade, a non facer uso da matrícula reservada mentres o Rexistro de Matrícula de Aeronaves non emita o certificado de matrícula provisional da aeronave.
- c) Copia do título xurídico ou acordo de intencións que acredite que se vai adquirir a propiedade ou gozar da posesión da aeronave. No caso de que a orixe da aeronave sexa militar española, certificado coa situación administrativa de baixa definitiva, ou en proceso de baixa, do Rexistro de Aeronaves da Defensa.

2. Para obter unha reserva de matrícula é requisito necesario que a aeronave dispoña do correspondente certificado de tipo ou que estea en condicións de dispor dun certificado de aeronavegabilidade restrinxido.

3. A reserva de matrícula adxudicada terá unha duración máxima de seis meses, transcorridos os cales se materializará nunha matrícula provisional. En caso contrario, cancelárase de oficio a reserva.

4. Non se poderá reservar unha matrícula para aeronaves de estrutura ultralixeira ou aeronaves construídas por afeccionados.

*Artigo 21. Matrícula provisional.*

1. No marco do procedemento de matriculación definitiva dunha aeronave e con carácter previo á súa concesión, o Rexistro de Matrícula de Aeronaves asignará á aeronave unha matrícula provisional, sempre que a aeronave dispoña do correspondente certificado de tipo ou estea en condicións de dispor dun certificado de aeronavegabilidade restrinxido, por petición da persoa física ou xurídica que reúna os requisitos establecidos neste regulamento, e presente, para tal efecto, a documentación recollida no artigo 12.2, con excepción da recollida nas súas letras e), f) e g), xunto cos seguintes documentos:

- a) Copia do título xurídico que acredite suficientemente a súa condición de propietario ou posuidor lexítimo da aeronave.
- b) Certificado de non inscrición, en caso de aeronaves de nova construción, ou de cancelación de matrícula, no Rexistro de Matrícula de Aeronaves do país de procedencia, ou certificado de baixa, no Rexistro de Aeronaves da Defensa, para o caso de aeronaves de orixe militar española.
- c) Certificado da compañía aseguradora ou contrato de seguro realizado de conformidade co Regulamento (CE) 785/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre os requisitos de seguro das compañías aéreas e operadores aéreos, ou, se for o caso, conforme o previsto na Lei de navegación aérea e noutra normativa de aplicación.

Para a asignación dunha matrícula provisional, poderanse presentar documentos en lingua estranxeira e fotocopias da documentación requirida.

2. As aeronaves construídas por afeccionado, ademais da documentación prevista na letra c) do número anterior, deben achegar a seguinte:

a) Copia da declaración de propiedade subscrita polo construtor da aeronave en que conste como número de serie identificativo da aeronave o número da autorización de construción.

b) Certificado de aeronavegabilidade provisional ou documento equivalente.

3. O Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís emitirá un certificado de matrícula provisional que terá os mesmos efectos que o certificado de matrícula definitivo.

O dito certificado emitirase no prazo máximo de 15 días, desde a solicitude, sempre que se acheguen a totalidade dos documentos recollidos no número 1 ou, se for o caso, desde a emenda da solicitude ou, no seu defecto, desde a finalización do prazo de emenda.

A matrícula provisional dunha aeronave determinará a nacionalidade española durante a vixencia da dita matrícula.

Concedida a matrícula provisional, sempre que o título xurídico sexa inscritable no Rexistro de Bens Móbiles, o interesado deberá presentar o orixinal do título xurídico no dito rexistro para a súa cualificación e inscrición, como paso previo para a conversión da matrícula provisional en definitiva. Naqueles casos en que o título xurídico achegado non sexa inscritable nese rexistro, o Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís procederá á súa inscrición.

4. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea non emitirá o certificado de aeronavegabilidade até que o Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís emita o certificado de matrícula provisional.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, á vista do certificado de matrícula provisional, poderá dilixenciar o diario de a bordo ou caderno da aeronave, así como as cartillas dos motores da aeronave. Os rexistros informáticos dos operadores de transporte aéreo comercial que reúnan a información contida nos ditos libros non serán dilixenciados.

#### Artigo 22. *Vixencia da matrícula provisional.*

O prazo de vixencia da matrícula provisional será de tres meses desde a data da súa emisión; transcorrido este prazo a matrícula provisional cancelarase de oficio. O dito prazo poderase prorrogar cando o solicitante acredite a necesidade de prórroga, ben debido a causas imprevistas ou de forza maior ben por demora na inscrición do título xurídico no Rexistro de Bens Móbiles.

A prórroga terá unha duración máxima de 45 días naturais desde a finalización da vixencia da matrícula provisional e deberase solicitar con, ao menos, 2 días hábiles de antelación á súa expiración. Unha vez transcorrido o prazo máximo prorrogado, se non achegou a documentación requirida para a matriculación definitiva da aeronave, procederase á cancelación de oficio da matrícula provisional.

#### Artigo 23. *Matrícula definitiva.*

1. Procederase a realizar a inscrición definitiva da aeronave e a emitir o certificado de matrícula definitivo, segundo proceda:

a) No prazo máximo de 15 días, a partir da recepción da comunicación da inscrición do título xurídico no Rexistro de Bens Móbiles e unha vez que se achegue a totalidade dos documentos recollidos no artigo 12.2.

b) Naqueles casos en que o título xurídico non sexa inscritable no Rexistro de Bens Móbiles, o prazo para practicar a inscrición definitiva da aeronave será de tres meses a partir da recepción da solicitude regulada no artigo 12.

2. Con carácter previo á inscrición definitiva da aeronave, o Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís incorporará ao expediente unha descrición técnica desta, conforme os datos que figuren na Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

3. A inscrición definitiva realizarase por medios informáticos e figurarán, ao menos, os datos que consten no certificado de matrícula emitido, facendo mención, nos casos en

que proceda, da comunicación recibida do Rexistro de Bens Mobles sobre o título xurídico inscrito.

*Artigo 24. Certificado de matrícula definitivo.*

Practicada a inscrición definitiva dunha aeronave no Rexistro, o director de Seguridade de Aeronaves emitirá o certificado de matrícula definitivo en que se consignará o número da aeronave no Rexistro; as marcas de nacionalidade e matrícula; o fabricante, o modelo e o número de serie de fabricación; o nome e domicilio do propietario, posuidor ou arrendatario e a data de emisión do certificado, de conformidade co Convenio sobre aviación civil internacional do 7 de decembro de 1944.

*Artigo 25. Vixencia do certificado de matrícula.*

1. O certificado de matrícula emitido ás aeronaves en propiedade terá vixencia indefinida mentres non se modifique a titularidade da aeronave.

2. O certificado de matrícula emitido á aeronave inscrita en virtude dun título xurídico de arrendamento ou calquera outro translativo de posesión polo que non se transfira a propiedade da aeronave terá vixencia durante o prazo de validez do título que deu orixe á inscrición.

No suposto de prórroga contractual ou de adquisición do pleno dominio polo posuidor, deberase acreditar documentalmente tal aspecto ante o Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís e solicitarse a práctica da anotación do título xurídico correspondente ao menos con quince días de antelación á finalización do prazo de vixencia da matrícula. De non xustificarse as circunstancias mencionadas nun prazo de quince días desde a fin do anterior contrato, procederase, de oficio, a iniciar o expediente de cancelación da inscrición practicada.

*Artigo 26. Efectos do certificado de matrícula.*

O certificado de matrícula provisional e o de matrícula definitiva son títulos necesarios para a operación das aeronaves, pero non son suficientes por si sos para permitila, polo que a aeronave deberá contar co resto de autorizacións, habilitacións e certificados requiridos pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea para cada tipo de operación.

*Artigo 27. Arrendamentos de curta duración.*

Non se anotarán os títulos xurídicos de arrendamento ou subarrendamento de aeronaves de duración igual ou inferior a seis meses.

Para utilizar aeronaves sometidas a arrendamentos ou subarrendamentos de curta duración será necesario obter previamente a autorización pertinente da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

*Sección 3.<sup>a</sup> Cambios de titularidade, cargas, gravames e vicisitudes técnicas*

*Artigo 28. Cambio de titularidade.*

1. Cando se produza o cambio de titularidade da aeronave, o adquirente deberá instar a emisión dun novo certificado de matrícula.

2. Se se produce un cambio na titularidade da aeronave, o adquirente deberá presentar unha solicitude para actualizar os datos rexistrados da aeronave dentro do prazo dun mes contado desde a data de outorgamento do contrato. O incumprimento desta obrigaón considérase un incumprimento do previsto no ordinal 7.<sup>o</sup> do artigo 33 da Lei 21/2003, do 21 de xullo, de seguridade aérea.

3. As anotacións dos actos xurídicos relativos á titularidade, posteriores á matriculación das aeronaves, practícaranse no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís

por solicitude do interesado, e o solicitante debe achegar, xunto coa solicitude, os seguintes documentos:

a) O xustificante do aboamento da taxa requirida para a prestación do servizo que se solicita.

b) Fotocopia do título xurídico.

4. Mentres se practica a inscrición do cambio de titularidade e se emite un novo certificado de matrícula, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá autorizar a utilización da aeronave ao novo titular, para non paralizar o seu uso, durante un prazo de tres meses, que se poderá prorrogar, como máximo, durante outros corenta e cinco días naturais. Para tal efecto, o solicitante deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter iniciado os trámites para a anotación do novo título xurídico.

b) Dispor das autorizacións, licenzas ou aprobacións que, en cada caso, sexan exixibles para realizar a actividade a que pretende destinar a aeronave.

c) Que a aeronave sexa adecuada ao uso pretendido polo novo titular.

5. Os títulos xurídicos acreditativos do cambio de titularidade que se presenten ante o Rexistro de Matrícula de Aeronaves para instar a modificación rexistral deberán reflectir o mutuo acordo entre as partes contractuais.

#### Artigo 29. *Cargas e gravames.*

1. As cargas e gravames sobre aeronaves que figuren inscritas, conforme a súa regulación específica, no Rexistro de Bens Mobles, anotaranse de oficio no Rexistro de Matrícula de Aeronave para efectos informativos, en virtude de comunicación do Rexistro de Bens Mobles.

2. No suposto de existiren cargas e gravames sobre unha aeronave anotadas no Rexistro de Matrícula de Aeronaves, sobre as que non conste a súa cancelación no Rexistro de Bens Mobles, para proceder á cancelación da matrícula da dita aeronave será necesario presentar previamente unha autorización expresa dos acredores cuxo dereito ou interese protexa esa carga ou, se for o caso, da autoridade que decretou a carga inscrita.

#### Artigo 30. *Vicisitudes técnicas.*

As vicisitudes técnicas que impliquen cambio no modelo da aeronave e lle sexan comunicadas ao Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís pola unidade correspondente da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, faranse constar mediante anotación nel.

### *Sección 4.ª Cancelacións*

#### Artigo 31. *Cancelación da matrícula.*

1. O Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís, de oficio ou por instancia de parte, procederá á cancelación da inscrición de matrícula da aeronave.

2. Procederáse á cancelación por instancia de parte polas seguintes causas:

a) Destrución ou perda total da aeronave.

b) Inoperatividade e desmantelamento da aeronave.

c) Adquisición, con carácter permanente, da condición de aeronave militar.

d) Matriculación en país estranxeiro.

e) Alleamento válido a favor de persoas que non teñan a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros do Espazo Económico Europeo, salvo que residan habitualmente ou teñan un establecemento permanente en España e vaian destinar a aeronave a un uso non lucrativo.

3. Para proceder á cancelación da matrícula dunha aeronave por instancia do seu titular rexistral será necesario que este presente previamente, xunto coa documentación prevista no artigo 12.2, a seguinte:

- a) Orixinal e fotocopia do título xurídico que motive a cancelación.
- b) No caso de que a aeronave estea arrendada, orixinal e fotocopia do documento de resolución do contrato de arrendamento ou documento que mostre a conformidade de ambas as partes para cancelar a matrícula.
- c) Copia do documento de despacho de alfándega para a exportación da aeronave, se o seu destino é un Estado non membro do Espazo Económico Europeo.

Cando o destino da aeronave sexa un país non pertencente ao Espazo Económico Europeo, non se cancelará a matrícula da aeronave até que o solicitante obteña o certificado de aeronavegabilidade para a exportación, se este for necesario para inscribir a aeronave naquel país.

Se a aeronave se allea a persoas físicas ou xurídicas estranxeiras non residentes ou non establecidas en España, non será preciso presentar a declaración de non suxeición ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

4. Procederáse á cancelación de oficio nos seguintes casos:

- a) Por resolución xudicial firme.
- b) Nos casos en que o seu titular rexistral sexa o posuidor da aeronave en virtude dun título xurídico anotado cuxa vixencia expírase e non se achegase un novo título que acredite a continuidade na posesión desta.
- c) Polo transcurso de cinco anos desde a data de cancelación temporal dunha aeronave, de acordo co artigo 32, sen que o seu titular rexistral solicitase a restablecemento da vixencia do certificado de matrícula.
- d) Nos casos de destrución da aeronave, ou cando esta quede inoperativa, se non se produciu a súa cancelación por instancia de parte de acordo co establecido nas letras a) e b) do número 2 deste artigo.

Unha aeronave queda inoperativa cando non se renovase o seu certificado de revisión de aeronavegabilidade ou documento equivalente en cinco anos e o seu titular rexistral non presentase nese tempo unha solicitude de cancelación. Poderase conceder unha prórroga de até dez anos, como máximo, para as aeronaves históricas, definidas conforme o anexo II do Regulamento (CE) 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea, e se derroga a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE.

Antes de proceder á cancelación de oficio, o Rexistro notificará ao titular rexistral a incoación do expediente de cancelación para que nun prazo de dez días hábiles poida formular alegacións.

#### Artigo 32. *Cancelación temporal da matrícula.*

O titular rexistral dunha aeronave poderá solicitar a cancelación temporal da súa matrícula por un tempo non superior a cinco anos, cando aquela vaia ser temporalmente matriculada en país estranxeiro en virtude dun título translativo de posesión, ou cando a aeronave adquira, por un período de tempo igual ou inferior e con carácter temporal, en virtude dos distintos tipos de posesión que a lei recolle, a condición de aeronave militar.

Para proceder á cancelación temporal da matrícula da aeronave, o titular rexistral achegará a documentación recollida no artigo 31.3.

Non se procederá á cancelación temporal da matrícula da aeronave até que o solicitante obteña o certificado de aeronavegabilidade para a exportación cando o destino da aeronave sexa un país non pertencente ao Espazo Económico Europeo.

O Rexistro de Matrícula de Aeronaves notificará, mediante resolución, a cancelación temporal de matrícula da aeronave e comunicarllo ao Rexistro de Matrícula de Aeronaves do país onde esta se vaia matricular.

Artigo 33. *Recuperación da matrícula.*

1. No momento da finalización da vixencia do título que motivou a cancelación temporal da matrícula, o titular rexistral solicitará o restablecemento da vixencia do certificado de matrícula, para o cal achegará os seguintes documentos:

- a) Solicitud de restablecemento de vixencia do certificado de matrícula.
- b) Comunicado de cancelación do país onde estivo matriculada a aeronave.
- c) Documento de despacho de alfándega para a importación da aeronave, en caso de proceder dun Estado non membro do Espazo Económico Europeo.
- d) Certificado da compañía aseguradora ou contrato de seguro realizado de conformidade co Regulamento (CE) 785/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, ou, se for o caso, conforme o previsto na Lei de navegación aérea e noutra normativa de aplicación.
- e) Certificado de baixa definitiva no Rexistro de Aeronaves da Defensa, para o caso de aeronaves militares que non adquiriron con carácter permanente a condición de aeronave militar.

2. Transcorridos cinco anos desde a data da cancelación temporal da matrícula da aeronave sen que o titular rexistral solicite o restablecemento da vixencia do certificado de matrícula, o Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís procederá de oficio á cancelación definitiva da matrícula da aeronave de acordo co establecido no artigo 31.4.c).

Artigo 34. *Inscripción de cancelación.*

1. A inscrición practicarase cando teña lugar a cancelación da matrícula da aeronave, de acordo con algunha das causas dos artigos 31.2 e 31.4.

2. A inscrición de cancelación expresará que quedan canceladas as inscricións anteriormente practicadas e que se extingue a eficacia do certificado de matrícula.

Ademais do anterior, farase mención da causa e do documento que a motiven, se a cancelación se produce por instancia do seu titular rexistral. Se é de oficio, na inscrición mencionarase a autoridade que a decreta e o feito que a motivou.

3. O Rexistro de Matrícula de Aeronaves Civís, cando realice a cancelación da matrícula da aeronave, comunicarllo de oficio ao Rexistro de Matrícula de Aeronaves do país onde a aeronave se vaia matricular, ou ao Rexistro de Aeronaves da Defensa no caso de aeronaves españolas, se procede atendendo á causa da cancelación.

## CAPÍTULO IV

### Matrícula de proba

Artigo 35. *Concesión.*

1. Poderase conceder unha matrícula de proba nos seguintes supostos, coa finalidade e condicións de utilización que se indican en cada caso:

- a) Aeronaves de fabricación en serie: para a realización de voos de verificación, posta a punto e mantemento, durante o seu proceso de fabricación até a súa entrega ao cliente.
- b) Aeronaves prototipo: para a realización de voos de proba para investigación, desenvolvemento, verificación, posta a punto ou certificación.

2. Así mesmo, poderase conceder unha matrícula de proba a aeronaves referidas nas letras a) e b) do número anterior para a realización de demostracións para a venda ou

o adestramento de tripulacións, cando a inscrición da aeronave no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís sexa inviable ou pouco práctica, dado o seu carácter experimental suxeito a cambios de configuración constantes, ou debido ao curto período de tempo previsto até o seu alleamento.

#### Artigo 36. *Marca de matrícula en probas.*

A matrícula de proba consistirá na marca de nacionalidade EC seguida por un guión e a continuación tres números. Esta matrícula fixarase sobre a aeronave seguindo as disposicións vixentes ao respecto.

#### Artigo 37. *Número de matrículas de proba asignables.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá asignar a cada solicitante unha ou varias matrículas de proba, segundo as súas necesidades acreditadas na solicitude, con indicación dos datos das aeronaves a que se poderán aplicar.

#### Artigo 38. *Uso das matrículas de proba.*

1. No caso dos voos de proba descritos no artigo 35.1.a), o solicitante poderá usar unha mesma matrícula de proba nas diversas aeronaves novas fabricadas por el cada vez que necesite realizar voos de proba, pero non a poderá aplicar a máis dunha aeronave ao mesmo tempo.

Cada aplicación da matrícula de proba a unha aeronave distinta, identificada polo seu número de serie, deberá ser comunicada cunha antelación mínima de tres días á data prevista para a súa utilización á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, co fin de que esta poida efectuar as inspeccións pertinentes e levar o control da utilización das matrículas polo fabricante.

2. A matrícula de proba obtida nos casos recollidos no artigo 35.1.b) só se poderá aplicar ao prototipo de aeronave designado, identificado polo seu número de serie, durante un prazo dun ano, que poderá ser prorrogado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea por iguais períodos sucesivos se isto for necesario para o desenvolvemento e certificación dun modelo de aeronave.

#### Artigo 39. *Condicións para a súa utilización.*

1. A utilización de matrículas de proba estará supeditada a que a aeronave cumpra cos requisitos de aeronavegabilidade aplicables segundo normativa vixente, incluíndo que dispoña do documento de aeronavegabilidade que lle corresponda.

2. A eficacia das matrículas de proba estará supeditada a que a aeronave sexa operada polo solicitante de acordo cos requisitos que lle corresponda segundo a normativa vixente. A súa operación por un terceiro suporá a súa cancelación automática.

#### Artigo 40. *Procedemento.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea dispón dun mes para resolver as solicitudes de matrícula de proba.

Transcorrido o mencionado prazo, se non houber resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada en virtude do previsto no artigo 19.1 deste real decreto.

#### Artigo 41. *Control.*

Ben que a concesión de matrícula de proba non implica a inscrición da aeronave no Rexistro de Matrícula de Aeronaves Cívís, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea levará o necesario control destas.